



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032 / Fax: 981 857251

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

SUMARIO

Resolución de Alcaldía do Concello de Carnota, pola que se aproba o padrón fiscal e as liquidacións integrantes da Taxa por Recollida domiciliaria de lixo ou residuos sólidos urbanos, correspondente ao período 2026.

TEXTO

Logo de aprobar o mencionado padrón fiscal e as liquidacións integrantes deste, a efectos da súa notificación colectiva, publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento en cumprimento dos artigos 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e 24 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

O devandito padrón e as liquidacións integrantes deste, expóranse ao público por un prazo de vinte días a contar desde o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e nas dependencias da Corporación, así como na súa sede electrónica [dirección <https://sede.carnota.gal>].

Contra o acto de aprobación do citado padrón e/ou as liquidacións contidas neste poderá interporse recurso previo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública, de acordo con canto establece o artigo 14.2.c) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.